


# Atopados<sup>9</sup>

## A fosa 2 de San Xián

### Escavación arqueolóxica

#### EMPRAZAMENTO

O emprazamento da fosa cos cadáveres, segundo a testemuña oral de familiares e veciños, era o adro da igrexa de San Xián, na aldea da xuradía de Marzán da parroquia do Rosal no concello de mesmo nome, que dista uns 35 Km de Nigrán.



Emprazamento xeral da aldea de San Xián con respecto ao lugar de orixe dos asasinados



Situación da aldea de San Xián sobre a costa

#### SONDAXES DE LOCALIZACIÓN

A localización da chamada Fosa 2 de San Xián baseouse, en primeira instancia, na enquisa oral entre os veciños de San Xián, que indicaban que no Sur da capela existía unha segunda fosa. Posteriormente procedeuse a iniciar os traballos arqueolóxicos propiamente ditos. Estes consistiron na apertura dunha primeira sondaxe próxima á sancristía con resultado negativo, polo que se amplía cara ao sur.



Situación das sondaxes e das fosas identificadas



Primeiros restos óseos recoñecidos na Fosa 2



Vista do cranio co impacto de bala no parietal dereito

Nesta nova sondaxe a un 1,10 m de profundidade aparecen restos esqueléticos, que parecían parte dun enterramento normal, se ben cara ao este da sondaxe aparece un cranio, que tras a súa limpeza amosa sinais inequívocos de impacto de bala.

#### ESCAVACIÓN



Proceso de escavación baixo as raíces da camelia.



Aspecto da disposición dos dous esqueletos colonizados polas raíces da camelia.



Vista xeral dos traballos de escavación na Fosa 2.


Unha vez identificada os restos da fosa, a sondaxe ampliouse cara ao Leste. As condicións de escavación nesta fosa foron difíciles pola existencia dunha camelia de grande envergadura que impediu un desenvolvemento normal da escavación.




Aspecto da fosa unha vez exhumados os cadáveres



Detalle dos cranios cos seus correspondentes impactos de bala



Planimetría da escavación coa posición orixinal dos inhumados.



Integridade anatómica dos exhumados

XOSE LOIS VILAR PEDREIRA

Arqueólogo, Director da escavación realizada pola Sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto de Estudos Miñoranos

O equipo de traballo que realizou as escavacións das dúas fosas de San Xián e a dos "Noves" no cemiterio de Baión, coordinado por Eduardo Méndez Quintás, estaba composto polos arqueólogos Roberto Rodríguez Álvarez, Herminia Rodríguez, Andrea Sorrodi, a estudante de arqueoloxía Arantxa Galino e a colaboración dos profesores Xilberto Manso De la Torre, Xosé María Bouso Fernández, Urano Rodríguez Leiros, Pilar Barreiro Vilas e Carlos Méixome Quinteiro. Así como Anxo Rodríguez Lemos, Ana Rodríguez, Roberto Valverde Sabin, Sergio Alonso Allí, Cristian Alonso Paz e Manuel González "O Touron"



Concello  
de Nigrán